

**La Voz de Galicia**.es 14.10.08

## **Moaña Vía libre á nova subestación eléctrica de Moaña no Pombal**

La Voz / 14/10/2008

Tras ser desestimadas dúas posibles localizacións para construír a nova subestación eléctrica de Moaña por mor das protestas veciñais, os expertos contratados polo Concello de Moaña a proposta da comisión creada no principio do ano propuxeron outras dúas, das que a primeira, na zona de Xestoso, a uns 400 metros ao noroeste da vía rápida, obrigará a tallar tres hectáreas de arboledo, polo que parece ser, en primeira instancia, tamén desestimada.



O lugar, pegado ao río da Fraga, linda cunha pequena explotación de vacas ao suroeste do Pombal

A localización que conta con maiores probabilidades de prosperar é unha leira agrícola situada a uns 200 metros das últimas casas do barrio de Pombal e sobre 300 do lugar de Pozonegro.

Está pegada ao río da Fraga. Sobre a leira pasa un tendido eléctrico. á beira, un veciño ten unha pequena explotación de vacas, cunha caseta de construción artesanal.

A cualificación urbanística da leira e da súa contorna é chan rústico de protección agrícola. Non se permite a edificación residencial. Os expertos aos que se encargou o informe calculan que as casas habitadas máis próximas están a máis de 140 metros, co que os campos electromagnéticos que xeraría a instalación serían «nulos ou insignificantes». Os posibles efectos dunha explosión ou incendio quedarían limitados, aínda que non eliminados.

O tendido de alta tensión (66 quilowatts) que desembocaría na subestación pode gardar a distancia mínima recomendada das vivendas (1 metro por quilowatt) e a conexión coa rede de media que cruza a leira sería «bastante eficiente». Non se afectarían xacementos arqueolóxicos e o impacto sobre o medio natural sería «reducido».

Unión Fenosa, que xa comprara os terreos para a subestación en Trigás, Abelendo, á beira do cemiterio municipal e o colexio público, di estar disposta a aceptar esta localización, aínda que pon condicións. Quere unha «fórmula» para obter un aproveitamento dos terreos adquiridos. Pagaría polos novos o mesmo que en Trigás e reclama a colaboración da comisión para obter os permisos necesarios para ampliar o camiño de acceso á leira.

A empresa afirma que esta localización é «máis desfavorable» que a de Trigás. «Unión Fenosa segue manifestando que considera o emprazamento actual, nas proximidades

do cemiterio municipal, como ou máis axeitado e que cumpre amplamente tódolos requisitos legais», afirma. Os técnicos opinan o contrario. Din que a distancia ás vivendas é escasa e suporía un alto risco de contaminación en caso de incendio ou explosión.

Os técnicos realizaron medicións nunha central similar en Sigüeiro e en distintos puntos de Moaña. Só un lugar habitado deu niveis altos de radiación. Está no propio consistorio: é a oficina de urbanismo encima do transformador.